

MESA SECTORIAL : DIRECCIÓN

Santiago, 11 de marzo de 2025

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe comencamos por examinar o borrador da Orde pola que se convoca **concurso de méritos para a selección e o nomeamento dos directores e directoras** dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

UGT-SP segue defendendo que sexan os centros cos seus órganos (Claustro e Consello Escolar) os que decidan quen debe ser o seu director ou directora.

Entrando no articulado da Orde facemos as seguintes aportacións:

- **Artigo 2, apartado e)** O curso de formación que nesta orde aparece como requisito, debería **permitir que sexa realizado a posteriori do nomeamento** como así ocorre nos casos en que é a Inspección quen propón á persoa que ocupa a dirección.

Pedimos tamén engadir que sexan exentas tamén as persoas que exerceron durante o mesmo período que se cita de 4 anos algún cargo de equipo directivo mesmo que non fose o de directora ou director.

-**No artigo 3.3.** entendemos que o proxecto ten que estar a disposición dos membros do Claustro e do Consello Escolar **no horario completo do centro**, e non só “no horario que estableza a dirección do centro”. En todo caso debe velarse porque ese horario de disposición permita a todo o Claustro e Consello Escolar a consulta do mesmo dentro das súas horas de permanencia e fóra do horario lectivo.

-**No artigo 5.1.** A **sede da comisión de selección** non debe ser decisión unilateral. Pedimos que sexa no propio centro, ou, cando menos, elixida pola comisión na súa totalidade.

No apartado 5.1. a) Solicitamos que a comisión de selección elixa **democráticamente o seu presidente**, exceptuando o voto do alumnado.



Para o apartado c) demandamos que se escollan os representantes do profesorado en Claustro en votación con urna. Sabendo que cada membro do Claustro poderá votar ata un número igual a 3.

A Administración responde que o Claustro é soberano e que cada un decidirá como proceder na elección.

-No artigo 7.4. Insistimos na nosa consideración de que o elemento de avaliación a través da entrevista nos parece pouco obxectiva, polo que solicitamos que se elimine. Aínda que valoramos positivamente a realización da mesma a todas as persoas candidatas.

-No artigo 11. Os nomeamentos con carácter extraordinario deberían ser por un periodo de tan só un curso.

- Baremo:

En canto ó apartado 2.3 cremos que o peso que teñen determinados postos tales como o desempeño da subdirección ou xefaturas de servizo para concurrir á dirección do centro é cuestionable, polo que solicitamos a súa eliminación ou a baixada da súa puntuación a 0.1 puntos.

Aproveitamos esta mesa para reiterar a nosa petición sobre as baixas prolongadas de directores e directoras que habitualmente son cubertas polos demais membros do equipo directivo. Polo que pedimos que tela un recoñecemento económico e administrativo a este persoal que realiza unha dobre función co traballo a maiores que iso conleva.

Tamén vemos que cada vez hai menos persoas interesadas en coller un cargo de dirección, polo tanto terá que haber algúns cambios nas condicións para motivar ao persoal docente.

O Subdirector expón que o Decreto 222 limita moito os posibles cambios polo que non se farán modificacións.



No último punto de **Rolda final de intervencións**, abordamos os seguintes temas:

- Traemos á mesa o caso do **IES das Lagoas en Ourense**. Denunciamos a falta de actuación por parte da Administración Educativa fronte a este acoso a unha compañeira por parte dos pais e nais do alumnado. Pedimos que se apoie publicamente á compañeira e a todo o persoal docente que se poida atopar nunha mesma situación.

- Que aínda non se cobraron os trienios e sexenios.

Todo está resolto na nómina de febreiro 2025.

- Actualización da Orde de Permisos e Licenzas, do ROC...

Trasladarase a información á Dirección Xeral correspondente.

- Comisións de concilia e saúde para os que conseguiron prazas na estabilización de Canarias. Nalgunhas comunidades, como Andalucía, si se concederán.

Non se abrirá esa posibilidade.

- Queremos saber cando se convocará a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade.

A reunión está prevista para o mércores 19 de marzo.

- Os Comités Intercentros de Saúde laboral seguen sen reunirse en tres das catro provincias.

O Subdirector comunica que teñen previsto convocar reunións en breve para poñelas en marcha.

A Consellería informa de que se realizará unha reunión de negociación de vacantes para o CXT posiblemente o vindeiro xoves día 20 de marzo.

